

# VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

NOVELISTAS GALEGOS EN BCNEGRA 2008

## Crónica da presenza da novela negra galega en Barcelona

Rematou o Entroido, chegou a Coresma e a cuarta edición de BCNegra segue a súa andaina, tamén en galego.

Joaquim Ventura - 21:30 07/02/2008

O martes 5 Xosé Miranda e Diego Ameixeiras tiveron ocasión de dar a coñecer a súa obra aos seareiros do xénero negro e criminal, que en Barcelona son lexión.

Falar de novelas negras e criminais é fàcelo, por forza, desoutra realidade social que frecuentemente fica agochada. E Xosé Miranda e Diego Ameixeiras non se limitaron a cadansúa narrativa. Diagnosticaron algúns dos males do país -algúns deles comúns co resto de España- e expresaron a necesidade de que os escritores tomen compromiso para denuncialos coa arma da literatura.

Así, para Miranda sucesos como o afondamento do *Prestige* teñen que seren abordados con certo acougo para non caer no inmediateismo, que provoca que a novela deixe de ser vixente cando rematou o período de reacción. Do mesmo xeito animaba aos seus colegas a pescudar en manifestacións que aproveitan a paixón para fàcer negocios, como sería o vencello entre construtores e clubs de fútbol. Alén, cómpre un exercicio de hixiene nunha etapa de crise de valores e de dúbidas sociais, engadiu o escritor lugués.

Diego Ameixeiras falou do seu detective Horacio Dopico. Reivindicou a parodia e mais a esaxeración para poder analizar temas de moita gravidade como sería a violencia política, empregada ás veces con outras fins igualmente espurias. Unha parodia que fai que o seu detective, malia a aparencia dun personaxe excesivo e de volta de todo, sexa a única persoa lúcida nun contorno que toleou ou que aproveita as identidades para tirar proveito.

O público asistente foi tolerante e cómplice para o emprego da lingua galega nas exposicións e no animado debate que as seguiu.

Xosé Miranda e Diego Ameixeiras tamén "ficharon" no clube de autores que visitaron a librería [Negra y Criminal](#), situada na Barceloneta (o barrio mariñeiro de Barcelona) e que dirixe Paco Camarasa, coordinador de BCNegra. E resultado destas fichaxes a librería vai incorporar unha sección de narrativa negra e criminal en galego, en colaboración coas editoriais de Galicia. Se cadra inaugurar esta nova sección, os lectores de *Vieiros* terán puntual información.

## Novas relacionadas

- [Mesa redonda sobre a novela negra galega con Xosé Miranda e Diego Ameixeiras](#)
- [Como de negra é a literatura galega?](#)
- [O investigador australiano Stewart King fala sobre identidade e novela negra galega](#)